

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CEE

Aprobación definitiva da modificación da Ordenanza municipal reguladora da licenza pola tenza de animais potencialmente perigosos, do seu rexistro, da sección local do rexistro de animais de compañía e das taxas pola prestación de tales servizos

ANUNCIO

Aprobada inicialmente na sesión ordinaria do Pleno da Corporación, de data 29 de novembro de 2019, a modificación do apartado 8 do artigo 14 da Ordenanza municipal reguladora da licenza pola tenza de animais potencialmente perigosos, do seu rexistro, da sección local do rexistro de animais de compañía e das taxas pola prestación de tales servizos, expúxose ao público o expediente referido polo prazo de 30 días hábiles, para os efectos de presentación de suxestións ou reclamacións polas persoas interesadas, sen que durante o prazo sinalado se presentase alegación algunha, polo que se entende definitivamente adoptado o acordo referido.

Publícase deseguido a redacción definitiva do artigo 14, apartado 8, da devandita ordenanza, para os efectos da súa entrada en vigor:

“Artigo 14º.- Circulación e permanencia do can en vías públicas e locais.

[...]

8.- Está prohibida a circulación e estadía dos animais domésticos nas praias e nos espazos públicos de acceso a elas ou ao servizo dos seus usuarios no período que vai de 1º de xuño ao 30 de setembro de cada ano, agás das 22:00 ata as 10:00 horas do día seguinte.”

En Cee, o 3 de febreiro de 2020

A alcaldesa

Asdo. Margarita Lamela Louzán

2020/814